



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

Informe climatolóxico primavera 2020

INFORME CLIMATOLÓXICO PRIMAVERA 2020



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2020 EN GALICIA.....	3
2.1.	Temperatura.....	3
2.2.	Precipitación.....	8
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.....	12
3.1.	Temperatura.....	12
3.2.	Precipitación.....	15



Primavera moi cálida e con precipitación normal.

1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de primavera (marzo de 2020 a maio de 2020). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010.

As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media desta primavera e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada na primavera respecto do valor da media climática correspondente.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2020 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

A primavera de 2020 (balance dos meses de marzo, abril e maio) foi **moi cálida**, con unha anomalía positiva na temperatura media de $+1.68\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os tres meses estiveron caracterizados por tempo cambiante pero que en xeral deixou un frío moi suave e mínimas moito máis cálidas do normal.

Comezamos a primavera cun mes de marzo caracterizado pola variabilidade e a diversidade de situacións. Así, as temperaturas medias estiveron en xeral preto do normal, tanto nos valores mínimos como nos máximos, aínda que o mes destaca pola súa gran variabilidade, con valores baixos ao principio e ao final e episodios de calor nas semanas intermedias. A anomalía media da temperatura para o mes de marzo en Galicia foi de $+0.32\text{ }^{\circ}\text{C}$, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido. Este valor debeuse principalmente ás temperaturas mínimas que resultaron cálidas (anomalía de $+0.63\text{ }^{\circ}\text{C}$), xa que as máximas se mantiveron dentro do rango normal (anomalía de $+0.02\text{ }^{\circ}\text{C}$).

O mes de abril quedou caracterizado por un tempo moi cambiante tamén, como corresponde ao inicio da primavera, pero cun predominio da inestabilidade atmosférica. Isto explica que non teñamos grandes anomalías de temperatura, con valores diúrnos normais que deixaron a media das temperaturas máximas preto da normalidade. As mínimas, sen embargo, foron moito máis elevadas do común (anomalía de $+2.31\text{ }^{\circ}\text{C}$), xa que apenas apareceron noites despexadas e con vento en calma, que son as que nesta época poden deixar temperaturas moi baixas. Así a anomalía media da temperatura para o mes de abril en Galicia foi de $+1.39\text{ }^{\circ}\text{C}$ (maioritariamente debido ás mínimas), o que fai que poidamos considerar o mes como moi cálido.

A primavera rematou cun mes de maio extremadamente cálido, pero con dúas metades ben diferenciadas. A primeira quincena estivo caracterizada polo tempo irregular e cambiante, pero que, aínda que tivo momentos puntuais de frío, foi bastante suave. Na segunda quincena a estabilidade foi a predominante, deixando tempo seco e con temperaturas moi elevadas, o que impulsou a media cara arriba. Deste xeito, tanto as máximas (anomalía de $+4.15\text{ }^{\circ}\text{C}$) como as mínimas (anomalía de $+2.49\text{ }^{\circ}\text{C}$) estiveron en media moi por riba do normal nesta época do ano. Isto fixo que a anomalía media da temperatura para este mes de



maio en Galicia fose de +3.32 °C, cualificándose o mes como extremadamente cálido e converténdoo no maio máis cálido rexistrado en toda a serie dende 1961.

Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de primavera de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Os días máis calorosos desta primavera foron o 28 e 29 de maio, no que mesmo en altitudes altas se acadaron valores próximos aos 30 °C en altitudes baixas se superaron os 35°C en varias estacións da provincia de Ourense.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2020 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	36,6
28/05/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	36,1
28/05/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	35,9
28/05/2020	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	35,7
28/05/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35,0
29/05/2020	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	34,8
29/05/2020	Cespón	BOIRO	A Coruña	34,7
29/05/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	34,7
28/05/2020	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	34,7
27/05/2020	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	34,7

Táboa 1: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2020 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29,5
29/05/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28,4
28/05/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27,2
29/05/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	27,0
30/05/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	26,6
30/05/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	26,0
28/05/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	25,6
28/05/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	25,2
28/05/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	25,1
29/05/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	24,0

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade na primavera de 2020 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Neste caso, na segunda metade do mes de marzo, foron moitas as localidades que sufriron temperaturas moi baixas, con valores negativos en ambas altitudes, destacando especialmente os dous últimos días do mes para altitudes altas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2020 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/03/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8,4
30/03/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	-7,4
31/03/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-7,0
31/03/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6,0
31/03/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5,9
30/03/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5,8
31/03/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	-5,6
30/03/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	-4,7
27/03/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	-4,3
27/03/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-3,9

Táboa 3: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2020 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2020 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7,3
15/03/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-5,6
26/03/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	-3,7
31/03/2020	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-3,3
31/03/2020	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	-3,0
15/03/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2,9
15/03/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2,9
27/03/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	-2,8
27/03/2020	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-2,8
27/03/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-2,6

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2020 a altitude inferior a 1000m.



Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2020. Nas zonas de Cabeza de Manzaneda e puntos máis altos da comarca de Valdeorras rexistráronse os valores máis baixos de temperatura, en torno aos 6 °C. No litoral da provincia de Pontevedra foi onde se rexistraron os valores máis altos de temperatura media, con valores próximos aos 15 °C. Segundo os valores do mapa, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi de 12.2 °C.




Figura 1: Temperatura media na primavera 2020.



Na figura 2 pódese ver para esta primavera o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dunha primavera moi cálida, cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de $+1.85\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os rexistros máis altos de anomalía de temperatura acadáronse principalmente no centro de Lugo e rexións da provincia de Ourense, cunha anomalía positiva maior de $+2.5\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os máis baixos, tamén positivos, déronse principalmente no litoral oeste da provincia de A Coruña, cunha anomalía en torno a $+0.6\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 2: Mapa de anomalías da temperatura media na primavera 2020



2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de marzo, abril e maio, pódese cualificar esta primavera como normal, cunha anomalía de precipitación nula en comparación ao valor de referencia. Cuns meses de marzo e abril húmidos, e un maio moi seco, o acumulado dos tres meses compenseuse, cualificándose a primavera deste ano como normal.

En as precipitacións tenderon a superar os valores normais. Isto foi principalmente debido ás chuvias rexistradas na primeira semana, na que as borrascas foron moi activas e deixaron cantidades significativas de precipitación. A anomalía media das precipitacións para marzo en Galicia foi dun 40% por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade.

No mes de abril as precipitacións volveron estar en xeral por riba do agardado. As situacións frontais déronse con máis frecuencia do habitual neste mes, deixando unha anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia dun 8 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade, sen embargo en moita menor medida que o mes de abril do ano pasado.

En maio, pola contra, as precipitacións estiveron en xeral por debaixo do habitual, principalmente debido á ausencia de chuvias xeneralizadas na segunda quincena do mes. Houbo precipitacións de tipo convectivo, moi irregularmente repartidas, que fixeron que en puntos concretos as chuvias puidesen ser normais ou mesmo superiores ás agardadas en maio, sen embargo, a anomalía media das precipitacións para este mes de maio en toda Galicia, foi dun 49% por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade.



Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta primavera de 2020.

Precipitación máxima estacional na primavera 2020			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	740
Muralla	LOUSAME	A Coruña	714
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	656
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	649
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	597
Labrada	ABADÍN	Lugo	589
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	587
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	560
Costa	ROIS	A Coruña	552
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	543

Táboa 5: Valores máximos de precipitación acumulada na primavera de 2020.

Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional na primavera 2020			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Larouco	LAROUCO	Ourense	139
Foz	FOZ	Lugo	158
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	161
Burela	BURELA	Lugo	171
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	176
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	180
Coruña-Bens	A CORUÑA	A Coruña	182
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	186
Coruña-Torre de Hércules	A CORUÑA	A Coruña	188
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	188

Táboa 6: Valores mínimos de precipitación acumulada na primavera de 2020.



Na figura 3 móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2020. Os valores máis altos rexistráronse na Serra do Suído e Serra do Barbanza, con valores próximos aos 700 L/m². Os valores máis baixos rexistráronse na Ribeira Sacra, así como na mariña lucense e na cidade de A Coruña, con precipitación inferior a 200 L/m². O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 338 L/m².




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada na primavera de 2020.



Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. As zonas con menor precipitación respecto ao valor climatolóxico sitúanse nas Rías Baixas e rexións da Costa da Morte, cunha porcentaxe de precipitación un 40% inferior con respecto ao valor normal. Pola contra, na Baixa Limia, oeste de Ourense e centro da provincia de Pontevedra, os rexistros da primavera estiveron un 40% por riba da precipitación normal para este período. Considerando os valores do mapa da figura 4, o valor medio de anomalía de chuvia para toda Galicia foi un 3% inferior ao normal dunha primavera.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática na primavera de 2020.



3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.

3.1. Temperatura

A temperatura media de primavera para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de +2.1 °C con respecto ó período climático de referencia 1971-2000 e de +1.6 °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dunha primavera moi cálida tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media primavera (°C)		
2020	1971-2000	1981-2010
14.0	11.9	12.4

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media en primavera e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media na primavera de 2020 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
marzo	11.2	10.3	10.8
abril	13.3	11.5	11.9
maio	17.7	13.9	14.4

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media mensual do primavera 2020 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, os meses de marzo foi lixeiramente cálido, abril moi cálido e maio extremadamente cálido.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de primavera e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, esta primavera pode considerarse moi cálida.



Temperatura media das máximas en primavera(°C)		
2020	1971-2000	1981-2010
19.2	17.1	17.6

Táboa 9: Comparación entre a temperatura máxima media en primavera e a media climática galega.

Mensualmente, marzo resultou normal, abrir lixeiramente cálido e maio extremadamente cálido con respecto ao período 1981-2010.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
marzo	16.2	15.6	16.1
abril	17.6	16.5	17.1
maio	23.9	19.1	19.7

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media mensual do primavera de 2020 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, a primavera pódese considerar como extremadamente cálida, cunha anomalía positiva de +1.8 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas en primavera (°C)		
2020	1971-2000	1981-2010
8.9	6.8	7.1

Táboa 11: Comparación entre a temperatura mínima media en primavera e a media climática galega.

A escala mensual, marzo resultou cálido, mentres que abril e maio foron extremadamente cálidos con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
marzo	6.1	5.1	5.5
abril	9.0	6.4	6.6
maio	11.6	8.8	9.1

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media mensual do primavera de 2020 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media das primaveras dende o ano 1961 ao ano 2020.




Figura 5: Evolución da temperatura media na primavera para a serie rexional galega.

A temperatura media da primavera de 2020 acadou un valor de 14 °C. A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.68 °C, o que fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como unha primavera moi cálida. Isto debeuse ás temperaturas máximas que foron moi cálidas (anomalía +1.5 °C), e especialmente ás mínimas, que resultaron extremadamente cálidas cunha anomalía de +1.8°C. A precedente máis cálida foi a primavera do ano 2017, resultando ser esta a cuarta máis cálida da serie.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura na primavera no período 1961-2020.



3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada na primavera de 2020, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2020	1971-2000	1981-2010
307	311	312

Táboa 13: Comparación entre a precipitación acumulada na primavera 2020 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación nesta primavera foi tan só un 1.3% inferior con respecto ao período de referencia 1971-2000 e un 1.6% inferior con respecto ao valor climático (período de referencia 1981-2010). Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase unha primavera normal con respecto ao último período.

O estudo mensual da precipitación acumulada nesta primavera (táboa 14) mostra que mentres que marzo e abril resultaron húmidos, maio foi moi seco.

Precipitación acumulada por mes (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
marzo	133	98	100
abril	127	111	115
maio	47	102	96

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nas primaveras desde o ano 1961 ao 2020.




Figura 7: Precipitación acumulada na primavera para a serie rexional galega.

Na figura 8 móstranse as anomalías de precipitación en primavera, xunto coa media móbil de 5 anos. A chuva media para as dezaseis estación que compoñen a serie rexional foi de 307 L/m². A anomalía media das precipitacións para esta primavera en Galicia, para a serie rexional, foi nula en comparación ao valor normal, o que fai que poida considerarse como unha primavera normal. Esta primavera sitúase moi próxima á do ano pasado, ambas dentro da normalidade e moi afastadas da do ano 2018, que foi o segundo máis húmido da serie histórica.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación na primavera no período 1961-2020.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

Informe climatolóxico primavera 2020

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia